

A cuestión nacional no último terzo do século XIX

Tema 18 (Bloque 2. Política – Século XIX)

2º Bach. - IES Mendiño - 2024/2025

Prof. Xael Díaz Alonso

Os nacionalismos

- Protagonismo dos **nacionalismos** na Europa do século XIX e comezos do século XX.
- O **nacionalismo español** era unificador e centralizador na súa maioría; había tamén outras visións.
- O proxecto nacional foi cuestionado sobre todo tras o Desastre do 98, desenvolvéronse en maior medida os **nacionalismos periféricos**.





Nacionalismo español



Nacionalismo español

- Fálase dun certo ***protonacionalismo*** a finais da Idade Moderna, algo polémico para os historiadores.
- A **orixe do nacionalismo español** está vencellada ás transformacións liberais iniciadas durante a Guerra da Independencia e as Cortes de Cádiz.





Nacionalismo español


- A división no liberalismo xerará a aparición de **dúas visións**: o ***nacionalismo conservador*** e o ***nacionalismo liberal-democrático***.
- O cuestionamento do proxecto nacional e o auxo dos rexionalismos favorecerá unha reacción, cara a maior defensa da centralización e a vinculación co exército.





Nacionalismo español

- O nacionalismo español **conservador** era defendido por *liberais moderados e conservadores* (como Cánovas del Castillo) e por *tradicionalistas* (como Menéndez Pelayo).
- Preponderante no século XIX e comezos do XX, tiña un **carácter unitario**, aínda que ao principio foi compatible coas particularidades rexionais.





Nacionalismo español


- **Concepción orgánico-historicista**, na que se interpretaba a España como unha entidade colectiva que era froito da Historia.
- Elementos clave deste nacionalismo eran **o territorio español, a Monarquía, o Catolicismo e a unidade da Patria** (eliminando os diferentes particularismos, sobre todo cara ao final deste período).





Nacionalismo español

- O **nacionalismo español liberal-democrático** era defendido por *demócratas, republicanos* (como Pi i Margall, Azaña...) e *rexeneracionistas* (como Unamuno ou Ortega y Gasset).
- A actitude dos seus partidarios ante os nacionalismos periféricos eran diversas, desde o rexeitamento total ata un entendemento dentro dun sistema democrático descentralizado.





Nacionalismo español

- Defendían a *nación española como construcción política voluntarista*, como un corpo de asociados unidos polas mesmas leis e a participación democrática das masas populares.
- Elementos clave deste nacionalismo eran *a participación democrática, as liberdades e a unidade compatible cos particularismos rexionais* (coa descentralización).






Nacionalismo catalán



Nacionalismo catalán

- As **orixes no nacionalismo catalán** están nas primeiras décadas do século XIX, coa convivencia do dobre sentimento catalán e español.
- Ao redor do ano 1830 aparece a **Renaixença**, un movemento de defensa da lingua e a cultura catalanas; destaca a vertente literaria:
 - “Oda á patria” (B.C. Aribau, 1833), revista “Lo verdader catalá” (1843), os primeiros “Jocs Florals” (1859) ou a aparición da historiografía catalanista.





Nacionalismo catalán

→ As reivindicacións dunha **maior autonomía** aumentaron. Na Primeira República os catalanistas vincúlanse aos republicanos e aos **federalistas**.


- 1869: Pacto Federal de Tortosa
- 1870: asociación “La Jove Catalunya”
- 1871: xornal cultural “La Renaixensa”
- 1872: apoio dos carlistas
- 1873: proclamación (non efectiva) do Estado catalán dentro da República Federal española





Nacionalismo catalán


- O **rexionalismo catalán** iníciase co xiro catalanista dos federalistas (V. Almirall co seu “Diari Català”).
- Pronto se dividiu en **dúas correntes**:
 - ***Rexionalismo progresista***
 - ***Rexionalismo conservador***





Nacionalismo catalán

- O ***rexionalismo progresista*** (predominante en 1880), herdeiro do republicanismo federal, tiña a Almirall como principal defensor. Destacaron o I Congreso Catalanista ou o “Memorial de Greuges” (1885).
- O ***rexionalismo conservador*** (predominante en 1890) incluía visións variadas, desde os autonomistas ata posicións católicas de base rural, e foi moi influente. Destaca a Unión Catalanista.






Nacionalismo catalán

- Tras as ***Bases de Manresa*** (1892), da carácter tradicionalista, aparece o **nacionalismo catalán** (destaca Prat de la Riba, co seu “La nacionalitat catalana” de 1906).
- Impulso tras o Desastre de 1898, en en 1901 nace a ***Lliga Regionalista***. Tras a vitoria electoral en 1907 e o apoio a Maura hai disensiós: un *nacionalismo conservador* (Cambó) e *outro progresista* (Maciá).





Nacionalismo catalán






Nacionalismo catalán

- Hai unha **campaña autonomista** nos anos 1918 e 1919, destacando Cambó e a **Lliga Catalana**. Hai distintas iniciativas autonomistas, pero fréase por medo á revolución.
- Mentres **Cambó** entras en varios gobernos durante a crise da Restauración, aparecen **grupos independentistas** (como o Estat Català de L. Companys), que serán reprimidos por Primo de Rivera.






Nacionalismo vasco



Nacionalismo vasco

- As **orixes** do nacionalismo vasco están na defensa dos foros, a derrota nas Guerras Carlistas (coa abolición dos foros) e o proceso industrializador (coa chegada de traballadores e o cambio da sociedade tradicional).
- Hai referencias ao “pobo vasco” desde tempo atrás, e chegan a plantexarlle a Napoleón a creación de “Nova Fenicia”, un Estado vasco.






Nacionalismo vasco


- A ***cuestión foral*** enfrentou ao Estado liberal e as provincias vascas. A literatura “fuerista” romántica fixo unha construción histórica vasca baseada na tradición. Isto foi aproveitado polo ***carlistas***.
- Tras a derrota carlista, os “fueristas” dividíronse en ***éuscaros navarros*** (defensores da unión vasco-navarra) e ***euskalerríacos biscaíños*** (autonomistas).






Nacionalismo vasco


- Os partidarios do **nacionalismo vasco** procedían do carlismo, e foron apoiados en boa medida polo clero.
- **Sabino Araba Goiri** e o seu irmán Luis formularon as bases ideolóxicas e os símbolos deste nacionalismo vasco: o termo Euzkadi, a ikurriña, o Aberri Eguna, o lema JEL (“Jaungoikoa Eta Lagizarrak”)...






Nacionalismo vasco

- **Ideas clave** desta ideoloxía eran a raza vasca, o catolicismo, o antagonismo con España e os “maketos”, o independentismo, a defensa da sociedade tradicional, o antiliberalismo, o antisocialismo...
- En 1892 Sabino Arana publica “Bizkaya por su independencia”, o ano seguinte o “discurso de Larrazabal” e publica o Bizkaitarra.






Nacionalismo vasco

- En 1895 Arana funda o **Partido Nacionalista Vasco (PNV)**, cunha estrutura baseada nos batzokis.
- O PNV, malia algúns enfrontamentos, comeza a ser **hexemónico** cando se modera e atrae á alta burguesía. Cambia temporalmente a súa denominación (CNV) e chega a controlar a Deputación de Biscaia. Sen embargo, aparece a **ANV** como escisión de esquerdas.






Nacionalismo vasco







Nacionalismo galego



Nacionalismo galego

- As **orixes** do nacionalismo galego hai que buscalas no pasado, e na Idade Moderna xa había algúns elementos culturais peculiares.
- Os ilustrados xa trataron de prestixiar a lingua galega.
- A división en catro provincias de 1833 xerou moito **descontento** por non respectar a tradición.





Nacionalismo galego


- O precursor foi o **provincialismo**, que tiña como obxectivo a recuperar a provincia única para Galicia. Dará orixe ao ***Rexurdimento***.
- Defendía as tradicións galegas, a autonomía lexislativa e tributaria, a mellora económica e a reforma universitaria. Destaca Antolín Faraldo.
- Tras o pronunciamento de Solís en 1846 e a súa represión (***Mártires de Carral***), algúns pasan ao federalismo.






Nacionalismo galego






Nacionalismo galego


- O **rexionalismo galego** xorde no contexto do “Rexurdimento” cultural e a crise finisecular, que o favorece.
- Haberá tres correntes rexionalistas no último terzo do século XIX:
 - ***Liberal***
 - ***Tradicionalista***
 - ***Federalista***





Nacionalismo galego


- Os **liberais**, liderados por Murguía, eran herdeiros do provincialismo e defendían a descentralización, o autogoberno e reformas económicas.
- Os **tradicionalistas**, como A. Brañas, defendían a descentralización e a vella orde social, con peso da Igrexa.
- Os **federalistas** de A.J. Pereira, promovían un republicanismo democrático e a descentralización.






Nacionalismo galego

- As tres correntes confluiron na ***Asociación Rexionalista Galega*** (1891), presidida por M. Murguía, que realizou labores sobre todo culturais, como os *Xogos Florais de Tui*. As tensións internas levaron ao fracaso.
- Fundouse a Liga Gallega e, no ano 1906, a ***Real Academia Galega***.
- O fracaso de Solidaridad Gallega levou a moitos cara ao agrarismo.







Nacionalismo galego


- Aínda que algúns rexionalistas xa falaran de “nación”, o **nacionalismo galego** aparece en 1916, coa fundación das ***Irmándades da Fala*** (destacan os irmáns Villar Ponte, Vicente Risco, Otero Pedrayo, López Cuevillas, Ramón Cabanillas...).
- A central estaría na Coruña, pero comezarían a agromar varias agrupacións locais. O seu voceiro é a publicación “A Nosa Terra”.





Nacionalismo galego






Nacionalismo galego




BOLETÍN DECENAL


Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal



Nacionalismo galego

- Os obxectivos eran a autonomía nunha Federación, a cooficialidade do galego, un asento na Sociedade de Nacións, educación... Haberá tensións entre os defensores da acción política e os da acción cultural.
- Hai unha ruptura na IV Asemblea Monforte, que se prolongará durante a ditadura de Primo de Rivera. No 1931, tras unha reconciliación, fundarase o ***Partido Galeguista***.





Nacionalismo galego






Outros rexionalismos

Outros rexionalismos

- Houbo propostas de unificar España e Portugal, o “**iberismo**”, pero foi moi minoritario. Tamén haberá numerosos **rexionalismos** en zonas de España.
- Da “Renaixença valenciana” nacerá o **rexionalismo valenciano**, vencellado á sociedade cultural “Lo Rat Penat”.
- O **rexionalismo andaluz** foi ideado por Blas Infante.



The background features a series of light gray, wavy, horizontal lines that create a sense of movement. On the far left, there is a vertical bar with a yellow center and red outer edges. A dark blue rectangular border frames the central text.

Ánimo co estudo!